

ACTA

Da sesión **extraordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

9 de setembro de 2022

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día nove de setembro de dous mil vinte e dous, baixo a presidencia da Ilma. Sra. Presidenta Dona María del Carmen Silva Rego (PSdeG-PSOE), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos Don Gregorio Luís Agís Gómez (PSdeG-PSOE), Dona María Victoria Alonso Méndez (PSdeG-PSOE), Don Uxío Benítez Fernández (BNG), Don Jorge Cubela López (PP), Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso (PP), Dona María Elena Estévez Freire (PP), Dona Olga María García Ballesteros (PSdeG-PSOE), Dona Raquel Giráldez Armas (PSdeG-PSOE), Don Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), Don Manuel González Martínez (PSdeG-PSOE), Dona Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), Dona María Paz Lago Martínez (PP), Dona Iria Lamas Salgueiro (PSdeG-PSOE), Don José Carlos López Campos (PP), Don Carlos López Font (PSdeG-PSOE), Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), Don Ignacio Maril Pardo (PP), Don José Alfonso Marnotes González (PP), Dona Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), Dona María Ortega Iñarrea (BNG), Dona Noemí Outeda Prol (PSdeG-PSOE), Dona María José Pardo Pumar (PP), Don Angel Rodal Almuíña (PP), Don Santos Héctor Rodríguez Díaz (PSdeG-PSOE) e Don Javier Tourís Romero (PP), co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Sra. Presidenta.- Bueno, bo día a todos e a todas. Antes de iniciar a orde do día desta sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Pontevedra, quería felicitar, no nome de todo o goberno, estou segura que de toda a Corporación, ao Voceiro do Grupo Popular, o Sr. Cubela, pola súa nova paternidade e desexarlle a Jaime que teña unha vida inmensamente feliz, xa sei que vostede o fará, pero estou obrigada a dicilo, vostede como home espero que participe moi activamente no coidado de Jaime. Así que, parabéns, porque é unha inmensa



felicidade que veñan nenos e nenas a este mundo. Así que, desfrute moito e sexa moi feliz co seu Xaime, Jaime. Grazas. Bueno, agora xa, si, iniciamos a orde do día do Pleno extraordinario.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

a) Parte resolutiva:

1.7844.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE PONTEAREAS NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DA FASE INSTRUTORA E DE RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO, ASÍ COMO DA COLABORACIÓN NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO (EXPTEs. 2022056532-2022047869)**

Sra. Presidenta.- Na parte resolutiva, no punto 1, delegación de competencias do Concello de Pontearreas na Deputación para desenvolver as facultades da fase instrutora e de recadación das multas de tráfico así como da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico. ¿Hai algunha intervención? Polo tanto, soméoo a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno do Concello de Pontearreas na sesión que tivo lugar o día 26 de xullo de 2022 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades da fase Instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra - ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas,



mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Recadación-Tesourería, Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación da delegación acordada.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno da Deputación acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación de facultades da fase Instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico efectuada polo Concello de Pontearreas, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 26 de xullo de 2022, nos termos reflectidos no referido acordo que son os seguintes:

“OBXECTO DO ACORDO.

1.- Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, as facultades de:

Recadación (voluntaria e executiva) das multas de tráfico.

2.- Delegar as competencias propias da fase instrutora e a colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico nos termos establecidos no vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPPO nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, de conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto



refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

De acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento desta Deputación antes citado:

“O órgano instrutor dos procedementos, por delegación da competencia de instrución, será a Unidade de Sancións de Tráfico do ORAL (USTO), actuando como instrutor xefe o funcionario que ao efecto designe a Deputación de Pontevedra”.

COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.

Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial.

O Concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:

- A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.
- Á localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.
- Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando



en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

- A remitir a información dos valores entregados ao cobro, co formato, datos e polo canle sinalado pola Deputación.
- A exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade delegante e noutros lugares de costume dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.

Pola súa parte, a Deputación Provincial:

- Porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo á súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.
- A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdicionais, que se levará a cabo polos letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade.

Así mesmo, ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa reguladora, fundamentalmente as contidas no Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, en especial:

- Por parte do ORAL-Deputación de Pontevedra, a asunción da defensa e representación ante os órganos xurisdicionais, tanto por actos ditados en vía



disciplinaria como recadatoria, así como a posta a disposición e mantemento dos medios técnico-informáticos que permitan tramitar o procedemento cunha maior eficiencia, eficacia e seguridade.

- Por parte do Concello, o compromiso de cumprir cos prazos establecidos no Regulamento citado, relativos á gravación das denuncias e principalmente á devolución da documentación conformada trasladada polo ORAL, así como proporcionarlle ao ORAL-Deputación os instrumentos necesarios para facilitar a tramitación da documentación que sustenta o procedemento sancionador en materia de tráfico.

NORMATIVA.

A delegación sométese ás condicións establecidas na seguinte normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

O Concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, que, no ámbito fiscal (art. 15 do TRLHL) consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia en economía, prevalece o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria, e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación ou a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a DPP-ORAL colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das OOFF cuxos ingresos foron obxecto de delegación.

CONDICIÓN ECONÓMICAS.



A contraprestación polo exercicio da delegación é o fixado na ordenanza fiscal reguladora da taxa polos servizos de xestión, inspección e recadación que se prestan pola Deputación provincial de Pontevedra. As condicións económicas poderán ser revisables, dentro do período pactado ou das súas prórrogas, cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.

CONFIDENCIALIDADE.

Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.

As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:

- a) Utilizar a información de forma reservada.
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.
- d) Restringirse o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.



e) Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.

f) Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.

As partes comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida tras a súa finalización.

PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente ó referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o



RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.

- Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.
- Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, tanta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarálles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



- No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.
- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - o Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.
 - o Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - o Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - o Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos



existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.”

SEGUNDO.- A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

TERCEIRO.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.7845.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE COVELO NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DA LIQUIDACIÓN PREVIA Á PRIMEIRA MATRICULACIÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (IVTM) (EXPTEs. 2022056535-2022053676)**

Sra. Presidenta.- No punto 2 tamén outra delegación de competencias, neste caso do Concello de Covelo na Deputación para desenvolver as facultades de liquidación para a primeira matriculación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. ¿Algunha intervención? Pois o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



O Pleno do Concello do Covelo na sesión que tivo lugar o día 8 de maio de 2020 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades propias da liquidación previa á primeira matriculación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra–ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección, o Servizo Xurídico e o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, o Pleno da Deputación acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aceptar a delegación das facultades da liquidación previa á primeira matriculación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM) efectuada polo Concello do Covelo, segundo acordo do Pleno do citado Concello adoptado na sesión que tivo lugar o 8 de maio de 2020, nos termos reflectidos no referido acordo que son os seguintes:

“OBJECTO DO ACORDO.

1. Engadir expresamente dentro da competencia xa delegada de xestión do IVTM efectuada por acordo plenario de data 25/09/1992 en favor da Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL, a facultade de liquidación previa á primeira matriculación.



2. A delegación da xestión do IVTM nos termos anteditos sométese ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, á Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, á normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Do mesmo xeito, esta delegación queda sometida aos requisitos de confidencialidade e de protección de datos establecidos no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, en idénticos termos aos establecidos nos convenios ou acordos de delegación en materia de xestión tributaria e recadatoria na Deputación de Pontevedra – ORAL.

O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento ás obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.

A Deputación Provincial de Pontevedra - ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de Datos Persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas nas mencionadas normativas, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo.

En consecuencia, o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.”

SEGUNDO.- A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente



Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

TERCEIRO.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.7846.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2022 (EXPTEs. 2022056539-2022055252)**

Sra. Presidenta.- No punto 3. Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito 5/2022. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta, buenos días a todas y a todos. Este expediente se tramita por cuatro motivos: para garantizar una mayor agilidad en la tramitación de fondos europeos, para garantizar recursos a los concellos ante la situación de sequía, para organizar recursos necesarios en los servicios de agro-compostaxe y, finalmente, para garantizar mayores recursos en cultura e igualdade. Se estructura según las dos posibilidades; una, suplementos de crédito, y otra, créditos extraordinarios. En suplementos de crédito se financian en su totalidad con ahorro propio por 111.000 euros, en el área de Cultura se potencia en 100.000 euros Pontegal, teniendo en cuenta la demanda que se ha recibido de colectivos de la provincia; y en el área de Igualdade se incluyen recursos en torno a 12.000 euros para el proyecto Read al objeto de sensibilizar sobre las desigualdades y discriminaciones en el sector del diseño. Por lo tanto, aquí Cultura e Igualdade vuelven a ser ejes de nuestra acción de gobierno. En el apartado de créditos extraordinarios, por importe de 4,7 millones de euros, resumiendo y estructurando, una parte va a dotación de recursos para financiar Practicum Depo 2022, que es un proyecto de 600.000 euros que nos han aprobado y que como quiera que hay que cofinanciar va a permitir la movilidad



de los Erasmus. Por otra lado, también está el proyecto Conecta Lab, que hemos recibido también una aprobación en el marco de fondos europeos, y aquí es lo relacionado con profesionales de dirección y realización de Galicia, quiero destacar que el proyecto de esta Diputación se sitúa como el mejor valorado de Galicia entre los dieciséis valorados de toda España en los festivales de San Sebastián y de Sitges. La otra cuestión, otra cuestión de esta modificación de crédito, es lo relativo a cambio de aplicación presupuestaria en lo relativo a la implantación de agro-compostaxe que pasa del capítulo 7 al capítulo 4. Finalmente, y entendemos que la parte sustantiva es el destino de 3.000.000 de euros, recursos para poner en marcha el Plan Auga, un plan que está destinado a ofrecer una línea extraordinaria de ayuda a los concellos para las actuaciones de emergencia, delante de la situación, ante la situación de sequía. Han sido aprobadas esta mañana las bases en Xunta de Gobierno, se ha aprobado y como decía es por un importe de 3.000.000 de euros. Responde a la situación de emergencia en la que estamos actualmente y debo de señalar, debemos de señalar, que se ha hecho este plan en un tiempo record, por lo tanto la eficacia y eficiencia de este gobierno creo que queda demostrada, pero también se ha realizado desde la cogobernanza a la hora de pedir y puesta en común con los concellos, recoger cuestiones y propuestas. Por lo tanto, estas son unas ayudas por concurrencia no competitiva que financian actuaciones en todos los concellos que cumplan las bases y que además recibirán un importe reglado también en función de la población. Otra de sus características es que tendrá efectos retroactivos en las actuaciones de 1 de agosto a 31 de octubre, dirigido a concellos, entidades locales o mancomunidades de menos de 20.000 habitantes que son los que no tienen obligación de tener un plan de emergencia de sequía. Creo que las actuaciones son conocidas, las actuaciones subvencionables, pero quiero destacar algunas, llenado de depósitos mediante cisternas, establecimientos de puntos de abastecimiento mediante cisternas, nuevas captaciones de emergencia como pozos de barrena, conexiones puntuales a otras redes por emergencia, gastos derivados de bombeos extraordinarios o urgentes, gastos de emergencia para ayudar a comunidades de usuarios de aguas y semejantes, campañas de moderación de consumos y otras de naturaleza semejante como pudiera ser la eliminación de fugas puntuales. Por lo tanto, entendemos que en todo este abanico de actuaciones que son subvencionables están, creemos, que todas las que pueden dar lugar a necesidades por parte de los concellos de menos de 20.000 habitantes. Finalmente hacer una aclaración, que no serán financiadas las obras de mejora generalizada, mantenimiento de ampliación ordinaria de las actuales redes de suministro, que estas tienen que afrontarse por procedimientos



extraordinarios, tendrán un fijo de 10.000 euros y 6,5 por número de habitante. Muchas gracias.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Font. Sr. Mosquera ten vostede a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta, bos días a todos e a todas. Moi brevemente, é dicir, aquí, bueno, está descrita cal é a modificación de crédito pero hai en dúas actuacións que son economicamente as máis importantes que creo que é interesante incidir en algúns aspectos ¿non? Un, o da seca, que afortunadamente xa choveu e demais, pero que hai concellos que xa puideron aplicar ou tiveron que aplicar medidas de emerxencias que son financiadas dende o 1 de agosto, e que me gustaría deixar aquí unha reflexión, que nestes momentos é un momento óptimo para ver donde aparece a auga, digamos en situación de estrés, cando hai moi pouca, digo, para facer pozos de barrena, captacións, etc., facelas en febreiro un ano chuvioso pois vainos levar a crear, a crear problemas, de feito, pois bueno, hai moitos sistemas municipais ou traídas comunitarias de auga que teñen, están tendo problemas periodicamente, ¿non?, cando hai un pouco de seca están tendo problemas. Ben, entonces á parte de facer fronte ás consecuencias que xa tuvo a seca, eu pediría aos concellos que aplicaran, e as comunidades de auga, que aplicaran aquel, que non aplicaran aquel principio de “acordarse de Santa Bárbara cando trona”, ¿non?, senón que pensen que as, esta situación vaise a repetir, xa pasou no 2006, no 2017 non tanto pero pasou, agora volve a repetirse, esta situación vaise a repetir, polo tanto que fagan esforzos para poñer o sistema de auga con como se di agora, a resiliencia, que sea capaz a resistir en situacións de estrés, ¿non?, de pouca auga. Polo tanto, agardemos que se faga ese esforzo, a Deputación fixo todo un esforzo grande, tres millóns de euros é a maior cantidade comparativa que fixo ningunha administración para este fin polo tanto que se aproveite. E o outro é o da agro-compostaxe, ¿non?, que é un, é intentar paliar facer un esforzo para paliar e abrir unha nova senda dunha situación absolutamente estraña que estamos padecendo tanto na provincia de Pontevedra como en Galicia como no Estado, que é que por un lado a terra se nos está indo, se nos está indo, se nos está deteriorando dunha maneira brutal, incluso chegando a extremos de desertización, como pode estar pasando no, na esquina suroeste do estado español pero Galiza está tendo problemas graves por falta de abonos orgánicos, por falta de materia orgánica, e por outro lado, resulta que estamos mandando a vertedoiro, ou no caso galego, na maioría, a queimar, pois unha cantidade de biorresiduos, de residuos orgánicos que son un problema, son un problema porque é queimar auga case ¿non?, case é



queimar auga ¿non?. Entonces esto intenta avanzar en esta liña, ¿non?, resolver, ou sea, que os produtores gandeiros ou agrarios que necesitan eses abonos orgánicos, ... orgánicas do solo pois aproveiten digamos os biorresiduos nas zonas nas que non se poida compostar in situ, ou sea, nas zonas que xeran ou naqueles produtores que xeran moitos biorresiduos e que están, vamos, que forman un problema cando debían de ser unha solución e un recurso.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non hai máis intervencións, polo tanto vou a someter a votación este punto de aprobación inicial do expediente de modificación de crédito número 5/2022. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por dezaseis votos a favor e once abstencións.

O Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en virtude das atribucións delegadas pola Presidencia da Deputación de Pontevedra, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2022. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros, suplementos de créditos (SUP.05/22), por importe de 111.797,50 euros e modificación das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 05/22), parte con baixas por anulación da aplicación 22/923.1623.479.01, polo importe de 1.500.000,00€, con destino ao financiamento das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, ao tratarse de investimentos na aplicación 22/923.1623.779.01; o resto dos créditos extraordinarios expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.
- Os suplementos de créditos (SUP. 05/22), na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 1 de setembro de 2022, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos



recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 05/2022.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 05/2022 da Deputación de Pontevedra, este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros, suplementos de créditos (SUP.05/22) por importe de 111.797,50 euros, e baixas por anulación que os financian por importe dos créditos extraordinarios na cantidade de 1.500.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 05/22”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240.2428.120.51	Soldo func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	28.689,00 €
240.2428.120.52	Trienios func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.863,60 €
240.2428.120.53	Paga extra func. interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	6.218,24 €
240.2428.120.90	O. Retribucións, Melloras, I.T. (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	618,24 €
240.2428.121.51	C. Destino Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.264,00 €
240.2428.121.52	C. Específico Func. Interinos sen praza (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	19.264,00 €
240.2428.160.00	Seguridade Social (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	9.945,60 €



240.2428.224.03	Primas de seguros (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	17.600,00 €
240.2428.226.02	Publicidade e propaganda (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.000,00 €
240.2428.226.99	Outros gastos diversos (Practicum Depo 2020) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	4.000,00 €
240.2428.227.06	Estudios e traballos técnicos (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	44.480,00 €
240.2428.230.20	Axudas de custo (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1.254,40 €
240.2428.231.20	Locomoción (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	2.481,92 €
240.2428.481.01	Axudas, becas e pensións alumnos e profesorado (Practicum Depo 2022) _PROMOCIÓN DE EMPREGO	1,00 €
330-3344226,02	PUBLICIDADE E PROPAGANDA (CONECTA LAB)_CULTURA	6.000,00 €
330-3344226,06	XORNADAS, REUNIÓN, CONFERENCIAS E CURSOS (CONECTA LAB)_CULTURA	35.040,00 €
330-3344227,06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS (CONECTA LAB)_CULTURA	2.000,00 €
457-4500204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE_ARQUITECTURA (Renting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
923-1623779,01	AO SECTOR PRIMARIO, INVESTIMENTOS PARA AGRO-COMPOSTAXE_SAIM	1.500.000,00 €
924-9200204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE_COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL (Renting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
926-9260204,00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE_NOVAS TECNOLOXÍAS (Renting vehículo, 3 meses de 2022)	1.496,00 €
942-9427462,97	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIA POLA SECA_COOPERACIÓN (Gasto corrente)	1.500.000,00 €
942-9427762,97	A CONCELLOS, PLAN EMERXENCIA POLA SECA_COOPERACIÓN (Investimentos)	1.500.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	4.705.208,00 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 05/22:

A) Con baixas da aplicación 22/923.1623.479.01, polo importe total de 1.500.000,00€, con destino ao financiamento das bases reguladoras da



convocatoria de subvencións para a implantación de agro-compostaxe en sinerxía cos biorresiduos municipais, ao tratarse de investimentos imputaranse na aplicación 22/923.1623.779.01.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
923-1623-479.01	AO SECTOR PRIMARIO, XESTIÓN DE RESIDUOS_SAIM	-1.500.000,00 €
	Total...	-1.500.000,00 €

B) As demais propostas de créditos extraordinarios do expediente fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	3.205.208,00 €
	Total ingresos...	3.205.208,00 €

2. Suplemento de Crédito "SUP. 05/22":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
250.2315.480.01	ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XÉNERO_IGUALDADE, [READ. Red Española de Asociacións de Deseño (G98401250): proxecto "GEN, Transitar ao impensable"]	11.797,50 €
330-3340-226,29	GASTOS DIVERSOS, PROGRAMA PONTEGAL_CULTURA	100.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	111.797,50 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 05/22:

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.



Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Crédito...	111.797,50 €
	TOTAL...	111.797,50 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	4.705.208,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS	111.797,50 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN	-1.500.000,00 €
SUMA...	3.317.005,50 €

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

Capítulo 1º Gastos de persoal	85.862,68 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos	219.344,32 €
Capítulo 4º Transferencias correntes	11.798,50 €
Capítulo 7º Transferencias de capital	3.000.000,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	3.317.005,50 €

3. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo e modificando como subvención nominativa do Servizo de Igualdade, a seguinte:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
22/250.2315.480.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO. FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, LOITA CONTRA VIOLENCIA DE XÉNERO_IGUALDADE	292.297,50 €	
G-98401250	READ. "Red Española de Asociacións de Diseño".	11.797,50 €	PROXECTO: "GEN. Transitando ao impensable"

4. Modificación das bases de execución, engadindo a "Disposición adicional V". Contabilización do "Plan de emerxencia pola seca - 2022", co seguinte detalle:



O plan conta coas seguintes liñas de subvencións para os Concellos e/ou Entidades beneficiarias que se financian con cargo ás dotacións orzamentarias das seguintes aplicacións:

- 22/942-9427-462.97 Plan de emerxencia pola seca_22. “Gasto corrente”.
- 22/942-9427-762.97 Plan de emerxencia pola seca_22. “Investimentos”.

Para facilitar a xestión das liñas de acción do plan, de acordo coas súas bases reguladoras, establécense os seguintes procedementos:

- Por cada Concello ou Entidade beneficiaria abrirase un proxecto de gastos que recolla os créditos que lle asine o plan, en cada unha das aplicacións orzamentarias.
- De acordo coa regra 23 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local, os créditos asinados a cada proxecto serán vinculantes en si mesmos, creándose unha bolsa de vinculación xurídica entre as aplicacións do plan, xa detalladas, que serán vinculantes entre si por cada proxecto.

Por outra parte, antes de rematar o exercicio orzamentario, verificarase que a aplicación da vinculación xurídica sinalada, non suporá unha distorsión entre os créditos asignados en cada capítulo, para o conxunto do plan, e os gastos realizados ou comprometidos. No caso de que os gastos comprometidos ou realizados por capítulos fose superior á súa dotación económica, tramitaranse as correspondentes modificacións orzamentarias, para que na liquidación a 31/12/2022, a información orzamentaria sexa coherente para cada un dos capítulos afectados.

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 05/2022 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.05/22), por importe de 4.705.208,00 euros e suplementos de créditos (SUP.05/22) por importe de 111.797,50 euros, máis as modificacións das Bases de execución do orzamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola



Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 05/2022, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.

4.7847.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA (DESAFECTACIÓN) DE EQUIPAMENTO DO PARQUE CENTRAL DE MAQUINARIA (EXPTEs. 2022056541-2022054650)**

Sra. Presidenta.- Pasamos ó punto 4 da orde do día. Aprobación inicial do expediente de alteración de cualificación xurídica (desafectación) do equipamento do Parque Central. Ten a palabra o Sr. Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidenta de nuevo. A la hora de, bueno, resumir un poco el expediente este de desafectación de material de Parque de Maquinaria, decir que este expediente es una consecuencia, entendemos, de tres decisiones de este gobierno; tres decisiones de este gobierno basadas en la racionalidad, del gasto en la gestión y sobre todo en el mantenimiento de las estradas provinciales. El primer, la primera decisión es un acuerdo marco de conservación de las estradas provinciales que comprende compra de material, incidencia e inclusive tala de vegetación, esto supone una inversión de 5,5 millones de euros, y esto categóricamente ha convertido la red de estradas en el mejor ejemplo de mantenimiento y conservación. Inicialmente, el Partido Popular, en el año 2018 ante este acuerdo marco votó abstención, creo que se ha debido hacer muy bien para que el voto fuese favorable en el 2020 y en el 2021, cuestión que agradecemos pero que, evidentemente, demuestra que la evolución ha sido muy positivo sobre todo en un enorme salto en la conservación. La segunda decisión, en relación con lo que se propone, es la construcción de un nuevo Parque de Maquinaria en el Polígono de Barro, esto es consecuencia de la regeneración ambiental de A Xunqueira do Alba que creemos que medioambientalmente es una actuación histórica y de una gran importancia para la ciudad de Pontevedra pero desde luego también para la provincia. Aquí para esta construcción se movilizan 3,6 millones y, ya digo creemos que es una actuación la entendemos como ejemplar de regeneración, además el nuevo parque consecuencia de la



demolición del anterior va ser un parque en la modernidad en Barro. La tercera decisión ha sido la reversión de los terrenos del actual Parque de Maquinaria na Xunqueira do Alba, el pasado 30 de agosto se firmó el acta de reversión, era una concesión administrativa que databa de 1965, y esta reversión es a favor del Ministerio de Transición Ecológica y Reto Demográfico, creemos que colocó, coloca, perdón, a la Diputación, en un ejemplo de respecto por el medio ambiente. El resultado de este modelo en suma de estas tres decisiones del gobierno, es un modelo de mayor racionalidad, comporta la demolición a la que hacía mención y por lo tanto hay una serie de elementos en ese Parque de Maquinaria, que se va demoler, que se entiende que no es necesario trasladar al nuevo parque. Esto es lo que nos lleva a someter a este pleno a la desafectación de cuatro elementos concretos que son: la planta de aglomerado, báscula de peaje de camiones, depósito de emulsión y surtidor y depósito de gasóleo. Entendemos que no es lógico su traslado, que no son necesarios en la situación en la que decíamos anteriormente del acuerdo marco, y por lo tanto es lo que sometemos como insisto a desafectación. Si es cierto que a propuesta de nuestro centro de Areiro vamos a reaprovechar tres casetas vestuario del Parque de Maquinaria que en principio también se podría entender como que no eran necesarias pero teniendo en cuenta que está prevista en su planificación, en el Centro de Areiro, un plan de visitas previsto para 2023, entienden que es aprovechable, reaprovechable y, por lo tanto, nosotros accedemos y vemos con buenos ojos y aceptamos, ya digo, que sea así. Bueno, como conclusión de todo lo anterior, creemos que reducimos costes de un modelo que es claramente del pasado, modernizamos el Parque de Maquinaria con un nuevo parque que va tener todas las ventajas y todas las características de lo que es una instalación moderna, y la verdad es que la conclusión más importante es que nunca en la historia de esta provincia los 1.700 km. de carretera estuvieron tan bien atendidos. Racionalizamos los medios de los que disponemos, los medios propuestos para la desafección no son necesarios, e insisto mucho en que el Parque de Maquinaria del Polígono de Barro es ciertamente una instalación moderna, todo esto en conjunto en el que adoptamos decisiones que suponen la recuperación de la Xunqueira do Alba que para nosotros en política medioambiental creemos que es una decisión ciertamente histórica. Gracias.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sra. Presidenta. Ben, eu está explicado, está coñecido, o que vén hoxe aquí pois é unha, un trámite necesario dado que eran uns bens de dominio público co cal hai que facer este trámite. Pero o que quería resaltar é a velocidade a que se fixo, e alguén pode decir: bueno, do 2018, en fin



van catro anos, o que sexa, por desgraza as actuacións de rexeneración de espazos ou de liberación e despois rexeneración de espazos é de dominio público marítimo-terrestre e acostuman ser extremadamente lentas, e aínda temos varios exemplos na provincia, mesmo no Concello de Pontevedra, de concesións que caducaron e que nestes momentos están aínda sin tratar como pode ser o de Orpasa, bueno, hai varios, ¿non?, e levan dez, quince anos ou o que sexa. Neste caso pois actuouse cunha dilixencia, creo que elevada e, bueno, pois agardemos que o primeiro trimestre, máis ou menos, primeiro semestre do ano que vén pois poidamos ter eso rexenerado, a Xunqueira liberada e tamén agardemos que sirva de exemplo a outras administracións, incluso privados, para seguir esta senda e que poidamos recuperar unha Xunqueira que nunca se debeu, nunca se debeu estropear, había que acordarnos de que cando se fixo esto xa creo que estaba aprobado o Convenio Ramsar, de protección de humedais, xa se sabía que era unha desgracia facer isto, o sea, de secar humedais e facer, xa se sabía, se fora hai cen anos ou douscentos, bueno, pois igual non se sabía e incluso de aquela defendíase a teoría de que podían ser lugares insalobles, etc., e enfermizos e tal, pero bueno, nos anos sesenta, setenta, o sea, hai cincuenta anos ou cincuenta sabíase perfectamente que era unha auténtica desgracia, e agora hai que revertilo, e esta administración pois actúa revertindo e, xa digo, agardo que sirva para, sea o primeiro paso para liberar a Xunqueira de Alba, ¿non?, non é cuestión aquí de contar a historia pero aí incluso se quixo poñer un polígono industrial, o famoso Asempo-Sigalsa, que se deu frenado no seu momento, ¿non?, a finais dos setenta con bastantes dificultades, ¿non?, por cuestión de propiedade e demais se quixo desecar o que era unha auténtica pulmón, ¿non?, de depuración e de biodiversidade, ¿non?, das augas da ría.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non habendo máis intervencións sobre este asunto, sometemos a votación a aprobación inicial do expediente de alteración de cualificación xurídica (desafectación) de equipamentos do Parque Central de Maquinaria. ¿Votos a favor? ¿Votos en contra? ¿Abstencións? Queda aprobado por dezaseis votos a favor e once abstencións.

O Director de Infraestruturas e Vías provinciais, a través de informe de data 11/08/2022 (CSV: 98PIJ1RDOV8IDDQ8) que conta co visto e praxe do Deputado delegado, informa que o Parque Central de Maquinaria da Deputación, situado na Xunqueira de Alba, dispón de diverso equipamento destinado ao servizo de mantemento de estradas provinciais que se considera que non será necesario no futuro tendo en conta o actual modelo de xestión do



mantemento e conservación das estradas provinciais. Deste xeito non se prevé o traslado de dito equipamento ás novas instalacións do Parque de Maquinaria no Polígono Industrial Barro-Meis, actualmente en construción, polo que propón a súa desafectación do actual servizo público de mantemento das estradas provinciais. Dito equipamento é o seguinte:

1. Planta de aglomerado (Marca: Maquiasfalt, SL) constituída por: moega, cintas, mesturador, cadro de mandos, depósito exterior con quentador, bomba do depósito e estrutura de aceiro, peches verticais e cubertas en chapa de aceiro sobre estrutura de aceiro, varandas de tubo de aceiro e pasarelas de chapa perforada de aceiro.
2. Báscula de pesaxe de camións (Marca: Pesajes Galicia, SL / Modelo: BP-SM-PSG).
3. Depósito de emulsión (Marca: Maquiasfalt, SL / Modelo: CNZ29).
4. Casetas-vestiarios prefabricadas (3 Unidades).
5. Surtidor e depósito de gasóleo (Marca: Medición y Transporte, SA / Modelo: E-20; Versión H).

Visto o informe do técnico adxunto á xefatura do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio (CSV:GVXL9TIT4FXIQM81) de data 22/08/2022, que conclúe o seguinte:

“(…) 4. CONCLUSIONES

- Os equipamentos do Parque de Maquinaria están cualificados como bens de dominio público, por estar destinados ó servizo público de mantemento das estradas provinciais, polo que con carácter previo á súa cesión ou alleamento se precisa a alteración da súa cualificación xurídica como bens patrimoniais, por deixar de estar destinados ao servizo público, é dicir, deben ser previamente desafectados.
- Co presente expediente preténdense desafectar certos equipamentos do Parque de Maquinaria (planta de aglomerado, báscula de pesada de camións, depósito de emulsión, casetas-vestiarios prefabricados e surtidor e depósito de gasóleo), co fin de seguir avanzando na execución do proxecto integral da restauración ambiental da Xunqueira de Alba posto en marcha dende a Deputación Provincial de Pontevedra en xaneiro de 2022.
- No presente expediente administrativo resultan acreditados a oportunidade e a legalidade da alteración da cualificación xurídica (desafectación) do citado equipamento do Parque de Maquinaria, nos termos expostos.
- A aprobación inicial da desafectación deberá acordarse polo Pleno Provincial co voto favorable da maioría absoluta do número legal das persoas integrantes de dito órgano, e



someterse a información pública por un prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) para a presentación de alegacións (artigo 8.2 REBEL).

- No caso de que se formulasen alegacións ou reclamacións ó acordo de aprobación inicial da desafectación, estas deberán analizarse polos servizos técnicos da Deputación e posteriormente pola Comisión Informativa correspondente, que formulará, no seu caso, ao Pleno a proposta de aprobación definitiva do expediente de desafectación.
- No caso de que non se formulasen alegacións ou reclamacións ó acordo de aprobación inicial da desafectación durante o prazo de exposición pública, o expediente de alteración da cualificación xurídica entenderase definitivamente aprobado.
- A incorporación ó Patrimonio da entidade Local dos bens desafectados non se entenderá efectuada ata a súa recepción formal polo órgano competente, e en tanto a mesma non teña lugar seguirá tendo o carácter de dominio público.”

Vista a nota de conformidade do Secretario, de data 23/08/2022, en relación ao informe do técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio indicado no apartado anterior, emitida de acordo co disposto no artigo 3.4 do RD 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe de Intervención, de data 25/08/2022 (CSV:PQB7AF66OPXT9ITG), que informa favorablemente o expediente cunhas observacións que son tidas en conta na tramitación do expediente (informe complementario do técnico adxunto á xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, conformado polo Secretario, de data 31/08/2022 (CSV: 5SJJDY4L2PBBFLRCU).

Visto que, recibido informe da xefa do Servizo da Estación Fitopatolóxica Areeiro no que manifesta o interese dese centro nas CASETAS-VESTIARIOS PREFABRICADAS (3 unidades), ao ter previsto por en funcionamento no ano 2023 un servizo de visitas guiadas ás súas instalacións, considérase convinte retirar aquelas do expediente de desafectación mantendo a súa natureza xurídica como bens de dominio público afectadas ao servizo público de dito centro xestor.



En consecuencia, tendo en conta o disposto nos artigos 33.2.g) e 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigo 107.1.g) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, e artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica (desafectación) do equipamento do Parque de Maquinaria da Deputación de Pontevedra que se relaciona a continuación, transformando a súa natureza xurídica de bens de dominio público a bens patrimoniais:

1. Planta de aglomerado (Marca: Maquiasfalt, SL) constituída por: moega, cintas, mesturador, cadro de mandos, depósito exterior con quentador, bomba do depósito e estrutura de aceiro, peches verticais e cubertas en chapa de aceiro sobre estrutura de aceiro, varandas de tubo de aceiro e pasarelas de chapa perforada de aceiro.
2. Báscula de pesaxe de camións (Marca: Pesajes Galicia, SL / Modelo: BP-SM-PSG).
3. Depósito de emulsión (Marca: Maquiasfalt, SL / Modelo: CNZ29).
4. Surtidor e depósito de gasóleo (Marca: Medición y Transporte, SA / Modelo: E-20; Versión H).

SEGUNDO.- Someter a información pública este acordo de aprobación inicial do expediente de desafectación durante un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime oportunas.

De conformidade co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, durante o período de exposición pública, estará dispoñible na páxina web da Deputación, no seguinte enlace:

<https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica>



No caso de que non se formulen alegacións durante o referido período de información pública, este acordo de aprobación inicial considerarase elevado a definitivo, levando implícito o mesmo a recepción formal dos bens desafectados como bens patrimoniais, e a súa incorporación ó Patrimonio provincial con dita cualificación xurídica.

5.7848.- **ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DE DÚAS PINTURAS SOBRE TÁBOA (ECCE HOMO E DOLOROSA, ATRIBUÍDOS A DIERIC BOUTS) PERTENCENTES Ó MUSEO DE PONTEVEDRA E POSTERIOR POSTA A DISPOSICIÓN DO MINISTERIO DE CULTURA E DEPORTE PARA A SÚA DEVOLUCIÓN Ó ESTADO POLACO, Ó QUEDAR ACREDITADOS OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA LEI 1/2017, DO 18 DE ABRIL (EXPTEs.2022056542-2022047516)**

Sra. Presidenta.- Pasamos agora ó punto 5 da orde do día. Alteración da cualificación xurídica de dúas pinturas sobre táboa (Ecce Homo e Dolorosa, atribuídos a Dieric Bouts) pertencentes ó Museo de Pontevedra e posterior posta a disposición do Ministerio de Cultura e Deporte para a súa devolución ó Estado polaco, ó quedar acreditados os requisitos establecidos na Lei 1/2017, hai un erro na orde do día é 2017 non 2007, do 18 de abril. Quero saudar agarimosamente ao avogado do Goberno polaco, Mikel, que hoxe nos acompaña neste Pleno desexando que pronto este no poder do Ministerio polaco algo que sempre debeu estar no seu poder, así que grazias por asistir aquí e tamén por esta boa relación, ¿non?, administrativa, que estamos a manter co Goberno polaco. Sr. Mosquera ten a palabra.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sra. Presidenta. Aquí neste Pleno, como saben levo anos, pois temos cantidade de veces pois modificado, ¿non?, dominio público, desafectado, agora o punto anterior, por exemplo, era unha desafectación de dominio público, na maioría de uso público, como poden ser os remanentes de estradas, sobrantes de estradas ou, bueno, ou o que fora, ¿non?, e outras de servizo público. Pero esto é francamente especial, ¿non? especial porque supón un acto de desagravio fronte a barbarie. Esta casa por desgracia ten unha historia deso, esta casa digo fisicamente, aquí a barbarie do golpe de estado do 36, aquí nesta sala fixo o paripé de xulgar a Bóveda e a outros, ¿non?, para



matalos uns días despois; incluso o edificio do lado, que naquel momento nacera como escola de maestría, pois foi cárcere naquel momento, ¿non?, a barbarie pasou por riba e utilizou esta institución para executar os seus actos execrables ¿non?. En este, aquí tamén neste Pleno, ano se cadra 2004 ou 2005 fíxose un acto de desagravio concedendo a medalla de ouro a Alexandre Bóveda e non se pudo desagraviar, a vida non se lle pudo recuperar, pero si que se fixo ese desagravio, e o Estado polaco como a sociedade polaca pois coa invasión nazi tamén tivo, ¿non?, vamos, padeceu a barbarie que supuxo o fascismo, ¿non?, moi análogo ó que pasáramos anos antes aquí. Este é un acto de desagravio de barbarie é un acto de desagravio, por eso ten unha connotación especial. Hai que facer este trámite, ¿non?, de desafectalo do servizo público porque, efectivamente, estaba ó servizo público para proceder despois á súa devolución, á súa restitución, ¿non?, a este desagravio, ¿non? Agradecín moitísimo o outro día que na comisión fora ditaminado por unanimidade, unanimidade que agardo que se manteña. É unha pequena aclaración digamos de tempos, ¿non?, cando o soupemos, tivemos a constatación fehaciente, o sea, clara, ben establecida, de que estes cadros foran espoliados a vontade desta Deputación, de este goberno, foi devolvelos canto antes, ¿non?, despois houbo aí un incidente xurídico de propiedade no sentido de que alguén reclamou que era herdeiro particular co cual tivemos que aclararnos, tivemos que aclarar ese extremo por eso se atrasou un tempo senón xa estaría nestes momentos alá, o sea, tiñamos que cubrirnos as espaldas, a Deputación mostra toda a súa vontade de devolvelo incluso gratuitamente, cando ten dereito de xustiprezo, pero a vontade devolvelo gratuitamente, ¿non?, porque non é o valor económico senón é a cuestión simbólica que neste caso é moito máis importante e resulta que igual nos metíamos en pleitos e con responsabilidade, ¿non?, por iso quixemos cubrir as espaldas. Pero, afortunadamente, iso está aclarado con todos os informes e ditames que están no expediente e eu creo que hoxe é un día que nos honra a todos, ¿non?, nos honra de colaborar, non está sendo fácil, digo non neste caso senón que en xeral os espoliados teñen moitas dificultades para recuperar os, vamos, as obras de arte que lle foron espoliadas, teñen moitas dificultades. Pero non é este o caso, nós desde logo intentamos dar desde o primeiro día todas as facilidades porque cremos que é de xustiza un desagravio ó pobo polaco en xeral ou ás obras de arte en particular polo que sufriron nos anos cuarenta coa invasión nazi.

Sra. Presidenta.- Gracias Sr. Mosquera. Non hai máis intervencións así que someto a votación a alteración da cualificación xurídica das dúas pinturas sobre táboa (Ecce Homo e Dolorosa, atribuídos a Dieric Bouts). ¿Votos a favor?



Queda aprobado por unanimidade o que certamente é unha gran noticia nolo comentaba ao Vicepresidente e máis a min antes o avogado do Goberno polaco que era grande noticia que puidera ser aprobado por unanimidade e así o é, así que tamén o transmito, eu antes de rematar quería tamén agradecer o gran traballo realizado polo Vicepresidente pero tamén polas técnicas e os técnicos do Museo en todo este procedemento que sempre é complexo, moi particularmente do Secretario do Pleno que ten feito unha grande labor para que hoxe poidamos someter este punto a votación, repito aprobado por unanimidade.

Con data 19 de marzo de 2020, o Museo de Pontevedra recibe un correo electrónico do Departamento de Patrimonio Cultural no Estranxeiro e Perdas de Guerra do Ministerio de Cultura e Patrimonio Nacional da República de Polonia, no que se pon en coñecemento desta institución que a Administración polaca competente en materia de patrimonio cultural estaba a levar a cabo un proxecto de investigación e seguimento, entre outras, da obra *Díptico Mater Dolorosa e Ecce Homo de Dieric Bouts*, actualmente en poder do Museo de Pontevedra (dato que extraen das bases dixitais desta institución), e que entenden integrante, ata a II Guerra Mundial, da coñecida Colección Goluchów que albergaba o castelo de Czartoryski, de Cracovia.

O Departamento de Patrimonio Cultural polaco solicitoulle para estes efectos ao Museo información sobre a orixe e a procedencia desta obra que puidesen contribuír a esclarecer o labor de investigación que se estaba a realizar.

A obra referida incorpórase na Colección do Museo de Pontevedra, con data 29 de febreiro de 1981, como depósito dun destacado coleccionista e mecenas da institución, D. José Fernández López. Tras o falecemento do seu depositario inicial, esta obra fora adquirida por SODESCO en virtude dunha escritura pública autorizada o 18 de novembro de 1985 polo notario do Ilustre Colexio de Madrid D. José Madrudejos Sarasola, co núm. 3.267 do seu protocolo, e legalizada o 22 de novembro de 1985, e posteriormente adquirida a esta entidade por parte do Museo de Pontevedra.

Desde entón, e ata a data actual, o *Díptico atribuído a Dieric Bouts* formou parte dos fondos do Museo como propiedade desta institución.

Tras levar a cabo as pertinentes investigacións sobre a rastrexabilidade da obra, e despois de numerosos intercambios de datos e información entre o Museo de



Pontevedra e a Administración polaca competente en materia de patrimonio cultural, por ambas as partes alcánzase unha conclusión, *a priori*, clara: a obra *Díptico atribuído a Dieric Bouts*, actualmente propiedade do Museo de Pontevedra, formaba parte da prestixiosa colección polaca do castelo de Goluchów, fundada pola princesa Izabella Czartoryska-Dzialynska, declarada museo público desde o ano 1933 e incautada polos organismos nazis ao redor do ano 1941, durante a ocupación alemá de Polonia.

Cabe precisar que, co obxectivo de delimitar esta cuestión, o Museo de Pontevedra solicitoulle ao Instituto Moll a elaboración dun informe técnico, emitido finalmente por Dona Ana Diéguez Rodríguez en xaneiro de 2021, no que, ademais de realizarse unha detallada análise da tipoloxía, características e estado de conservación da obra, se recolle unha breve análise da súa procedencia e identifícase esta peza coma o díptico pertencente á antiga colección polaca Czartoryski que se integra no repertorio de obras espoliadas en territorio polonés durante a II Guerra Mundial.

Constatado o anterior, o Museo de Pontevedra procedeu a informar desta situación ó organismo estatal competente en materia de patrimonio cultural, e especializado nesta tipoloxía de supostos: a Xunta de Cualificación, Valoración e Exportación de Bens do Patrimonio Histórico Español e a Área de Tráfico Ilícito da Subdirección Xeral de Rexistro e Documentación de Patrimonio Histórico (ambos os organismos dependentes do Ministerio de Cultura e Deporte).

Nas diferentes comunicacións intercambiadas entre esta entidade local e a Administración central, e unha vez confirmada a identidade da peza espoliada, así como a plena vontade das institucións españolas en restituírlle esta obra ao Estado do que foi ilicitamente extraída, por parte dos organismos dependentes do Ministerio de Cultura español aclárase cales serían os pasos a seguir para resolver este problema:

- Coordinar conversacións coa Embaixada de Polonia a través do Ministerio de Exteriores para transmitir a intención do Museo de Pontevedra de lle restituír a peza ao Estado polaco.
- Tramitar a restitución da obra a través do procedemento establecido na Lei 1/2017, de 18 de abril, sobre restitución de bens culturais que saísen de forma ilegal do territorio español ou doutro Estado membro da Unión Europea (en diante, Lei 1/2017), pola que se incorpora ao ordenamento



español a Directiva 2014/60/UE, do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de maio de 2014 (en diante, Directiva 2014/60/UE), especificamente configurada para esta tipoloxía de supostos.

Neste sentido, maniféstase que por parte do Ministerio de Cultura se iniciaron actuacións para contactar coa autoridade central de restitución de bens culturais polaca para expoñerlles o asunto e acordar os termos da devolución desta peza.

- Reflectir nas bases de datos do Sistema de Información do Mercado Interior da Unión Europea os datos das pezas que se van restituír.
- Corroborar as actas de entrega da obra (unha vez restituída), deixando constancia da restitución voluntaria e da adquisición desta peza de boa fe por parte do Museo de Pontevedra.

Co obxectivo de avanzar neste proceso de restitución, o 26 de xaneiro de 2021 a Área de Tráfico Ilícito da Subdirección Xeral de Rexistro e Documentación de Patrimonio Histórico remitiulle, vía correo electrónico, unha comunicación ao Departamento de Patrimonio Cultural no Estranxeiro e Perdas de Guerra do Ministerio de Cultura de Polonia, na súa condición de autoridade central designada polo Goberno polaco no marco do procedemento de restitución de bens culturais ilicitamente extraídos que regula a Directiva 2014/60/CE. A través desta comunicación solicitábase a cooperación do Estado polonés no procedemento de restitución da peza obxecto de análise e, como continuación desta (á vista da posición colaboradora da Administración polaca), con data 1 de marzo de 2021, remitíronselle ao organismo competente do Ministerio de Cultura de Polonia unhas breves indicacións do conxunto de actuacións necesarias para iniciar o expediente de restitución desta obra.

Ao abeiro do establecido no artigo 6 da Directiva 2014/60/CE (e o artigo 10 da Lei 1/2017), determinábase como esencial que por parte da autoridade central designada por Polonia para efectos do procedemento de restitución de bens culturais se lle remita unha solicitude oficial de restitución do *Díptico atribuído a Dieric Bouts* á Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura e Deporte do Goberno español.

Xunto a esta solicitude, e para cumprir os requisitos establecidos na normativa de referencia, indícase que a Administración polonesa deberá achegar un documento que describa a propiedade reclamada, no que se certifique que é un ben cultural



nos termos nos que se describe na Directiva de referencia, e unha declaración das autoridades competentes polacas que reflicta que o ben reclamado saíu do territorio polaco de maneira ilegal, e que esta circunstancia se mantén en data de formulación da reclamación.

Á vista das indicacións recibidas, e das actuacións acordadas entre as administracións de ambos os estados, con data 28 de xuño de 2021 entrou na Subdirección Xeral de Rexistros e Documentación do Patrimonio Histórico unha solicitude formal de restitución do *Díptico atribuído a Dieric Bouts*, que actualmente forma parte da colección do Museo de Pontevedra, procedente do Ministerio de Cultura de Polonia e dirixido á directora xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura español.

Nesta solicitude oficial de restitución (elaborada en lingua polaca e posteriormente traducida ao español) incorpóranse os seguintes documentos:

- Solicitude oficial de restitución da obra *Díptico Mater Dolorosa. Ecce Homo*, de Dieric Bouts, subscrita polo Ministro de Cultura, Patrimonio Nacional e Deportes de Polonia.
- Documento de delimitación do obxecto da solicitude (*Díptico Mater Dolorosa. Ecce Homo*, de Dieric Bouts, elaborado entre a segunda metade do século XV ata posiblemente o primeiro cuarto do século XVI) e descrición detallada da obra (na que se especifiquen a obra, os materiais, as características da pintura, as singularidades dos marcos...).
- Análise pormenorizada e xustificada da historia desta peza (desde a súa adquisición en 1883 pola princesa polaca Izabella Czartoryska e integración na Colección Goluchów no período de preguerra, ata a súa incautación e exportación ilícita a Alemaña por parte dos organismos nazis durante a ocupación do territorio polonés nos anos 1941-1942, e a súa desaparición no período de posguerra). Os datos reflectidos nesta análise están documentalmente corroborados e avalados, incorporándose como anexos a este diferentes documentos, fotografías e informes que acreditan a rastrexabilidade delimitada na análise realizada polas autoridades polacas.
- Declaración subscrita polo Ministro de Cultura, Patrimonio Nacional e Deportes de Polonia en data 11 de xuño de 2021 que corrobora que a obra obxecto de solicitude de restitución é unha peza clasificada como ben cultural nacional da República de Polonia de conformidade coa normativa nacional que se apunta no devandito documento.



- Declaración suscrita polo Ministro de Cultura, Patrimonio Nacional e Deportes de Polonia en data 11 de xuño de 2021 que corrobora que a obra obxecto de solicitude de restitución é un ben cultural nacional da República de Polonia que saíu do seu territorio de forma ilegal e que, na data da solicitude de restitución, aínda non se devolveu nin se legalizou a súa situación.

Ademais, esta documentación complementouse, con data 13 de xaneiro de 2022, mediante unha comunicación da directora do Departamento de Restitución de Bens Culturais do Ministerio de Cultura de Polonia, na que se aclara que a solicitude formulada en data 28 de xuño de 2021 se efectúa de acordo co disposto na Directiva 2014/60/UE, trasposta ao sistema xurídico español pola Lei 1/2017. Precísase, así mesmo, que á solicitude mencionada resultan de aplicación as disposicións da Convención sobre as medidas que deben adoptarse para prohibir e impedir a importación, a exportación e a transferencia de propiedade ilícita de bens culturais, redactada en París o 17 de novembro de 1970, e ratificada polo Estado polaco.

Sen prexuízo do conxunto de actuacións levadas a cabo e que foron sintetizadas, o Museo de Pontevedra atopouse ao longo da tramitación deste dilatado expediente cun feito singular e imprevisto. O 17 de decembro de 2020 (coincidindo coa publicación en prensa da posible restitución ás autoridades polonas desta obra de arte propiedade do Museo de Pontevedra, tras as primeiras comunicacións intercambiadas entre ambas as administracións) o director do Museo de Pontevedra recibiu, vía burofax, unha carta do despacho de avogados Pedro Alemán, que sostén actuar en nome e representación do príncipe Adam Karol Czartoryski, único e lexítimo herdeiro —presuntamente— da dinastía Czartoryski e de todos os seus bens. A través desta carta ponse en coñecemento do Museo de Pontevedra que a obra *Díptico atribuído a Dieric Bouts* pertencía ao patrimonio privado do príncipe Agustyn Jozef Czartoryski e da princesa María de los Dolores de Borbón y Orleans, que o Estado polaco non ten ningún título para reivindicar esta obra, e, polo tanto, que, se o Museo de Pontevedra ten a vontade de lle entregar as obras ao seu lexítimo herdeiro, esta restitución debe realizárselle ao seu representado.

Nesta mesma liña, o 21 de decembro de 2020, o director do Museo de Pontevedra recibe unha segunda carta, nesta ocasión da Commision for Looted Art In Europe —entidade que, a nivel europeo, se encarga de levar a cabo, en



nome de persoas físicas, museos e gobernos que lle atribúan a súa representación, as actuacións tendentes á recuperación da arte espoliada polo nazismo durante a II Guerra Mundial. Mediante esta comunicación, a referida comisión, sostendo actuar en representación dos descendentes do príncipe Wladislaw Czartoryski, único propietario lexítimo do castelo de Goluchów, insta a que a obra *Díptico atribuído a Dieric Bouts* non lles sexa restituída ás autoridades polacas, senón aos herdeiros da colección e, polo tanto, lexítimos propietarios desta obra (actualmente residentes no Reino Unido).

Esta solicitude foi reiterada, vía correo electrónico, pola copresidenta da Comisión o 6 de xaneiro de 2021. E, en data 2 de febreiro de 2021, esta Institución recibe, así mesmo, unha comunicación do despacho de avogados Ramón y Cajal, que sostén recibir unha solicitude da Commission for Looted Art in Europe para intermediar e representar os seus intereses ante as autoridades españolas no asunto referido á localización no Museo de Pontevedra do díptico que nos ocupa, e á reclamación da súa devolución. Nesta última carta reitérase a presunta inexistencia de base legal para proceder á restitución da obra de arte ao Goberno de Polonia, na medida que este non é o propietario da Colección Goluchów nin posúe poder de representación dos seus lexítimos herdeiros, a familia Czartoryski. E, dada a situación constatada, afirman poñer a disposición do Ministerio de Cultura a documentación que sustentaría a reclamación formulada polos herdeiros desta colección, antes da apertura do correspondente proceso para a restitución da obra aos seus lexítimos propietarios.

Segundo os datos facilitados, o Museo de Pontevedra puxo esta circunstancia en coñecemento do organismo estatal responsable do expediente, o cal, nunha comunicación de data 25 de xaneiro de 2021, aclara a cuestión de como proceder ante esta controvertida situación: tal e como indica, o proceso de restitución de bens culturais que ata o momento realizou o Estado español se efectúa ao abeiro da Lei 1/2017 previamente referida, e a Directiva 2014/60/UE, que configura un sistema de coordinación entre autoridades centrais para a devolución desta tipoloxía de pezas. De conformidade con esta normativa, unha vez restituída a obra ao Estado do que foi extraída ilícitamente, será ese país, conforme á súa normativa interna, o que decida sobre a propiedade dos bens.

Non obstante, tras os diferentes devires constatados neste expediente, e para esclarecer os aspectos xurídicos máis relevantes desta reclamación, desde a Dirección Xeral de Belas Artes do Ministerio de Cultura e Deporte español



solicitóuselle cadanseu informe á Asesoría Xurídica Internacional do Ministerio de Asuntos Interiores, á Unión Europea e Cooperación, e á Avogacía do Estado no Ministerio de Cultura e Deporte. As principais conclusións extraídas destes informes puxéronse en coñecemento da Deputación de Pontevedra mediante comunicación de data 15 de febreiro de 2022.

Á vista das conclusións alcanzadas pola Dirección Xeral de Belas Artes, o Museo de Pontevedra solicitou, á súa vez, a emisión de distintos informes nos que se resolvía sobre as decisións que lle corresponde adoptar a esta Administración local, na súa condición de propietaria da obra afectada.

Tras a análise dos devanditos informes incluídos no presente expediente, e á vista dos fundamentos xurídicos aplicables ao caso, conclúese o seguinte:

Primeiro. Da análise realizada extráese que si resultaría xuridicamente posible a restitución da obra *Díptico atribuído a Dieric Bouts*, e a súa transmisión ao Estado polonés, no caso de que, ao amparo do previsto na Directiva 2014/60/UE e a Lei estatal 1/2017, esta restitución resultase procedente.

Non cabe dúbida de que, na medida na que nos atopamos ante un ben integrante do patrimonio dunha Administración local, con carácter demanial, as posibilidades de dispoñer deste atópanse fortemente limitadas (ata o punto de que a normativa impide a súa transmisión, salvo previa desafectación). E tamén que a súa condición, ademais, de ben integrante do patrimonio histórico español (susceptible igualmente de encaixar como ben integrante do patrimonio cultural galego) restrinxe a posibilidade da súa transmisión a supostos moi excepcionais, previa obtención dos permisos e das autorizacións pertinentes.

Con todo, o certo é que fronte a este conxunto normativo que, con carácter xeral, regula o réxime aplicable aos bens das administracións públicas e merecedores de protección polo seu valor histórico cultural, atopámonos cunha lei específica, a Lei 1/2017 (que traspón ao ordenamento interno a Directiva 2014/60/UE), aprobada con posterioridade ás disposicións que establecen este réxime xeral do patrimonio das administracións, e que vén, de maneira clara, a excepcionalo para unha tipoloxía de bens moi específicos: aqueles bens culturais que, aínda que integren o patrimonio da Administración pública, se identifiquen como bens culturais que saíron ilicitamente do territorio dun Estado membro da



Unión Europea, e cuxa restitución resulte procedente nos termos que establece esta normativa.

En coherencia cos deberes de cooperación na protección do patrimonio cultural dos Estados membros da Unión Europea, e cos compromisos internacionais asumidos en materia de reparación dos danos ocasionados aos territorios vítimas de conflitos bélicos, o réxime xeral aplicable aos actos de disposición do patrimonio público cede, decae, no caso desta concreta tipoloxía de bens culturais de dominio público licitamente extraídos do territorio dun Estado membro. Atopámonos para estes supostos cunha regulación específica, de carácter posterior e, por iso, de aplicación prioritaria, que se introduce no noso ordenamento xurídico precisamente co obxectivo de excepcionalizar para estes o rixido sistema de transmisión desta tipoloxía de bens, e configurar para eles un proceso de restitución máis flexible, coherente co do resto de Estados membros da Unión. O obxectivo último desta norma (a Lei 1/2017) é precisamente garantir a implantación no Estado español dun procedemento excepcional e específico para os bens culturais ilicitamente extraídos (mesmo se se trata de bens que en España adquiriron a condición de bens de dominio público), máis laxo, e que facilite lograr os obxectivos de restitución ao Estado orixe do patrimonio espoliado ou ilegalmente subtraído de maneira áxil e eficiente. E, para iso, a Directiva 2014/60/UE impón e a Lei 1/2017, consecuentemente, introduce un réxime excepcional, uniforme e idéntico para todos os países da Unión, que permite deixar a un lado as restricións e as limitacións derivadas da ordenación interna do patrimonio en cada Estado (neste caso, as limitacións derivadas da normativa aplicable en materia de patrimonio das administracións públicas e patrimonio cultural), e posibilita a transmisión material “automática” desta tipoloxía de bens en caso de concorrer os requisitos específicos que contempla o artigo 10 da Lei 1/2017.

A aplicación preferente e prioritaria do réxime de transmisión “automática” contemplado na Lei 1/2017 para os bens culturais ilicitamente saídos de Estados membros non só se deriva da aplicación do principio de especialidade normativa (*lex specialis derogat legi generali*) e o criterio xeral de prevalencia da norma posterior (*lex posterior derogat priori*) vixentes no noso ordenamento, senón que, ademais, responde á obriga imposta pola Unión Europea de implantar para esta tipoloxía de bens un procedemento de restitución específico e prioritario a calquera normativa interna que poida limitar ou frustrar os obxectivos que expón a Directiva 2014/60/UE (cooperación na protección do patrimonio cultural e a



salvagarda dos dereitos dos territorios e persoas afectadas por actos de subtracción ilícita, e a articulación dun procedemento uniforme, áxil e eficiente en todos os Estados membros para ese efecto).

É importante destacar, en todo caso, que nos atopamos ante unha norma (a Lei 1/2017) que dita o lexislador estatal en exercicio da súa competencia exclusiva en materia de defensa do patrimonio cultural contra a exportación e a espoliación, museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal (artigo 149.1.18 da Constitución), e, por iso, trátase de previsións básicas, aplicables a todo o territorio nacional, e a todos os bens culturais que se proben ilícitamente extraídos dun Estado membro, con independencia de que a súa propiedade sexa dunha Administración local, e de previsións específicas en materia de exportación e espoliación, que as revisten dun carácter de especialidade, e aplicación preferente, respecto ás previsións xerais en materia de patrimonio das administracións públicas.

Todo iso permítenos concluír que, ao abeiro do réxime específico e excepcional previsto na Lei 1/2017, e sempre que se acredite a concorrencia dos requisitos nesta norma establecidos para considerar que nos atopamos ante un ben cultural que saíu ilícitamente do Estado polaco, a súa transmisión e restitución automática ao devandito país resulta xuridicamente posible, sen que resulten en tal suposto de aplicación os límites e restricións á disposición desta obra que establece a normativa en materia de patrimonio cultural e patrimonio das administracións públicas.

Segundo. Unha vez aclarado o anterior, cómpre concluír que resultará procedente atender a solicitude formulada polo Estado polaco de restitución da obra *Díptico atribuído a Dieric Bouts* a condición de que se constate o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que coa solicitude de restitución se presente un documento no que se describa pormenorizadamente a obra que nos ocupa.
- Que se certifique, por parte do Estado requirente, que se trata dun ben clasificado (antes ou despois de saír de forma ilegal do seu territorio) como patrimonio artístico, histórico ou cultural conforme á lexislación estatal ou rexional polonesa que resulte de aplicación.



- Que se declare polas autoridades competentes do Estado polaco que o ben cultural saíu do seu territorio de forma ilegal e que persiste esta circunstancia no momento de presentarse a solicitude de restitución.

No suposto que nos ocupa, e baseándonos nas comunicacións e informes ata o momento emitidos no marco deste expediente, tanto do Ministerio de Cultura e Deporte como da Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional da Xunta de Galicia, dedúcese que a solicitude presentada polo Estado polaco cumpre os requisitos previamente expostos.

Terceiro. Con respecto ao réxime de titularidade da obra ante as distintas pretensións, cómpre subliñar que nos atopamos ante un procedemento tendente a axilizar a devolución desta tipoloxía de bens de interese cultural e patrimonial ó seu Estado de orixe. Deste xeito, o obxectivo primordial é o de lograr, o máis axiña posible, que o ben que ilícitamente saíse do territorio dun Estado membro regrese ao mesmo, en beneficio do interese público e salvagarda do patrimonio cultural de cada Estado.

Con todo, este procedemento non prexulga o réxime de titularidade ou propiedade dos bens culturais a restituír, tal e como establece a Directiva. A delimitación da propiedade do ben cultural será unha cuestión para dilucidar tras a súa restitución, rexéndose pola lexislación interna do Estado membro requirente.

Este sistema busca lograr un efecto útil, a delimitación da propiedade dun ben cultural desta tipoloxía, especialmente atendendo á complexa historia, orixe e rastrexabilidade desta clase de bens, pode presentarse como un procedemento complexo e de longa duración. É unha cuestión, en moitas ocasións, difícil de liquidar. En caso de esixirse aos Estados membros delimitar a titularidade do ben con carácter previo á súa restitución, frustraríase de maneira clara o obxectivo da Directiva, converténdoa nun instrumento ineficiente e de escasa utilidade práctica. Este longo e complexo proceso atrasaría durante meses, mesmo anos, a devolución do ben cultural identificado e ilícitamente extraído. A imposibilidade de determinar con certeza a titularidade do ben podería chegar a bloquear sine die o proceso de restitución, impedindo a reparación do dano causado ao Estado requirente, e ao seu patrimonio nacional. E iso é, precisamente, o que os diferentes principios e convenios de cooperación internacional elaborados ao longo dos anos para salvagardar o interese público e o patrimonio dos Estados



afectados por conflitos bélicos tratan de evitar. O obxectivo prioritario en materia de restitución de bens culturais espoliado é a configuración de mecanismos eficaces, áxiles, que permitan a inmediata reparación do dano ocasionado ao patrimonio nacional, e ao interese xeral da poboación afectada. Iso sen limitar, está claro, o dereito de propiedade, e as accións que os seus lexítimos titulares poidan exercitar, en caso de ser necesarias, ante o Estado que recupera o ben espoliado, para recuperar a titularidade das obras ou bens da súa pertenza.

Cuarto.- Asemade, a Lei 1/2017, nos seus artigos 10 a 12, reconece o dereito da Deputación de Pontevedra a solicitar a indemnización compensatoria e os gastos derivados do proceso de restitución, se así o estima, unha vez que queda acreditada no expediente a súa condición de posuidora de boa fe e a dilixencia debida no momento da adquisición da obra.

A este respecto cómpre salientar que dito recoñecemento artículase na lei a través dun procedemento xudicial específico previsto para os casos de resolución xudicial da restitución. No caso obxecto deste expediente, a tramitación lévase a cabo a través do recoñecemento extraxudicial da pretensión coa vontade manifesta, por parte do Museo de Pontevedra, de proceder á inmediata restitución.

Dita circunstancia condiciona o procedemento de restitución, xa que a súa natureza xurídica, en virtude do establecido no artigo 1 do Protocolo do Convenio Europeo de Dereitos Humanos e a Resolución do Parlamento Europeo de data 17 de xaneiro de 2019, que o cualifica como “asunto de interese xeral”, entendemos que se pode encadrar, sendo un procedemento especial e específico da propia lei sectorial que reconece unha propiedade lexítima anterior violentada e espoliada de xeito ilícito, no concepto máis amplo de cesión gratuíta ao amparo do establecido no artigo 145.2 da LPAP, Lei 30/2003 de 3 de novembro, de aplicación supletoria, que recolle “...*bienes y derechos podrán ser cedidos a Estados extranjeros y organizaciones internacionales, cuando la cesión se efectúe en el marco de operaciones de mantenimiento de la paz, cooperación policial o ayuda humanitaria y para la realización de fines propios de estas actuaciones*”.

Este plantexamento reforzaría o disposto, ademais, no Tratado de Amistade e Cooperación dos Estados Polaco e Español de data 26 de outubro de 1992, que recolle o compromiso expreso das partes de cooperar mutuamente na protección e restitución de bens culturais e obras de arte. Do propio espírito da Lei 1/2017,



despréndese que o procedemento de restitución de bens culturais, común para todos os Estados membros, se articula desde o punto de vista da colaboración institucional para combatir o tráfico ilícito de bens culturais dentro das operacións de cooperación internacional recollidas no artigo 145.2 da LPAP.

Tendo o exposto en conta, e á vista das circunstancias do expediente, unha vez finalizado o procedemento de restitución, a Deputación valoraría a oportunidade de interpoñer a acción de indemnización procedente.

Quinto.- Con carácter previo a restitución, e tendo en conta a natureza xurídica do ben obxecto da mesma, trátase dun ben de dominio público de acordo co establecido no art. 4 do RD 1372/86, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, debe procederse á súa desafectación. A desafectación previa lévase a cabo ao abeiro do establecido nos artigos 33.2.g 47.2 n) e 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, relativos á alteración da cualificación xurídica da obra de arte. Todo elo segundo o disposto nos informes emitidos polo Servizo de Contratación e Patrimonio, de data 18 de xullo de 2022, onde quedan acreditados os criterios de oportunidade e necesidade, e Secretaría Xeral de data 26 de xullo de 2022.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos referidos, e tendo en conta os informes que obran no expediente ao respecto, o Pleno, vista toda a documentación e os informes do Secretario Xeral, da xefa de xestión do Museo, do Servizo de Contratación e Patrimonio e da Intervención Provincial e visto o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, emitido antes da súa elevación ao Pleno; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica da obra de arte “Díptico atribuído a Dieric Bouts” transformando a súa natureza de ben de servizo público a ben patrimonial.



Este acordo de aprobación inicial da alteración da cualificación xurídica exporase ó público para os efectos de alegacións e reclamacións, por un período de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos do Museo de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa correspondente, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

No caso de que non se formularan alegacións ou reclamacións ó expediente durante o prazo de exposición pública, a alteración da cualificación xurídica da obra de arte “Díptico atribuído a Dieric Bouts” entenderase definitivamente aprobada acordando neste mesmo acto a súa recepción formal como ben patrimonial.

Segundo.- Proceder a restitución da obra “Díptico atribuído a Dieric Bouts”, pertencente á colección do Museo Pontevedra, e a súa posta a disposición da autoridade central do Ministerio de Cultura e Deporte do Estado Español, vista a concorrencia dos requisitos establecidos na Directiva 2014/60/UE e a Lei estatal 1/2017, para que proceda segundo o disposto na normativa vixente.

Terceiro.- Ter en conta, para a súa valoración, o posible dereito da Deputación de Pontevedra a obter unha indemnización, que considere equitativa, en función do establecido no artigo 11 da Lei 1/2017, quedando acreditado tanto a súa condición de posuidor de boa fe como a dilixencia debida no procedemento de adquisición da obra.

6.7849.- **ACEPTACIÓN DA DESISTENCIA DO CONCELLO DE VILABOA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓN SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA) (EXPTE. 2021040024)**

Sra. Presidenta.- Ben, pasamos ao seguinte punto da orde do día. Aceptación da desistencia do Concello de Vilaboa á subvención concedida no marco do



Programa provincial de Infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación Post-Covid-19. Programa Reacpon. ¿Algunha intervención? Non habendo polo tanto intervencións o someto a votación ¿Votos a favor da aceptación? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- No marco do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) (Bases reguladoras e convocatoria aprobadas mediante acordo núm. 7.7624 do Pleno da Corporación Provincial de data 28/05/2021 e publicadas no BOPPO núm. 102 de 01/06/2021), mediante acordo núm. 4.7719 de 17/12/2021, o Pleno da Corporación Provincial aprobou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Vilaboa, por importe de 461.859,85 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Ampliación da casa do Concello de Vilaboa”. De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do dito Programa, “tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, no caso de que os proxectos contemplan varias actuacións, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes”.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2022000064 de 11/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 13/01/2022. O Convenio, de acordo coas porcentaxes de cofinanciamento previstas nas bases da convocatoria para cada caso, distribúe o financiamento do investimento, cun orzamento total de 993.834,47€, entre a Deputación, mediante a achega do Programa REACPON (aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021) e o Concello, mediante unha achega con cargo aos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter, de acordo coa seguinte táboa:

	Achega	Porcentaxe
Deputación	461.859,85€	46,47%
Concello	531.974,62€	53,53%
Total	993.834,47€	



- Na data 18/07/2022 o Concello presenta por instancia xenérica no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022040488) a solicitude de desistencia da subvención concedida ao abeiro do Programa REACPON por estar *“rexeitado polo Pleno do Concello aprobar a actuación do investimento “Ampliación da Casa do Concello de Vilaboa”, a través do citado Programa”* e unha certificación do Secretario do acordo do pleno de NON APROBAR *“a actuación do investimento “Ampliación da Casa do Concello de Vilaboa” a través do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Ampliación da Casa do Concello de Vilaboa” por importe de 993.834,47€”*.
- Na data 28/07/2022 a Xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable á aceptación da desistencia.
- Na data 30/08/2022 a Intervención provincial emitiu dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa Extraordinaria de Cooperación cos Municipios, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social.

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).



- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSEDEPO).
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á Xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Procedencia da desistencia:

- Artigo 94 de LPACAP, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as aceptará de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes á súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia

Competencia para resolver:

- Correspóndelle ao Pleno a aceptación da desistencia en virtude das competencias recollidas nos artigos 33 da LRBRL, 50 do ROFRXEL, 185 do TRLRFL, 63 do RLXS, 16 da OXSEDEPO, nas bases específicas de



execución do vixente orzamento provincial e demais lexislación da aplicación.

CONCLUSIÓN

Xuridicamente, a desistencia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión nun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da desistencia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Vilaboa presenta, en data 18/07/2022 a súa desistencia formal á subvención concedida, no marco do Programa REACPON, co obxecto do financiamento da actuación do investimento “Ampliación da casa do Concello de Vilaboa”, debido a que o pleno do Concello rexeitou a aprobación da actuación do investimento mencionado.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito sinalados, o informe da Xefa do Servizo de Cooperación de 28/07/2022 (CSV: A8UCPL9AT28KF10S), a dilixencia de conformidade de Intervención de 30/08/2022 (CSV: BD27LAKQ8Z640R9A), e o ditame favorable da Comisión Informativa Extraordinaria de Cooperación Municipal, Cooperación Transfronteiriza e Cohesión Social de 06/09/2022 (CSV: I5ULTS9RHRFW8QAR), o Pleno acorda por unanimidade:

- ACEPTAR a desistencia do Concello de Vilaboa á subvención concedida por importe de 461.859,85 euros, no marco do Programa REACPON, co obxecto do financiamento da execución da actuación denominada “Ampliación da casa do Concello de Vilaboa” (Expte.- 2021040024).
- Dáse por extinguido o Convenio de colaboración asinado, segundo o establecido na cláusula 12ª do mesmo.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.7850.- **APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE MEAÑO DO TREITO ANTIGO NO LUGAR DE COBAS DA EP-9306 COBAS-PADRENDA (EXPTE. 2020024976)**

Sra. Presidenta.- No punto 7. Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meaño do treito antigo no lugar de Cobas na EP-9306 Cobas-Padrenda. Si non hai intervencións o someto a votación. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de Meaño e a Deputación de Pontevedra asinaron o 30 de novembro de 2020 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto de mellora da seguranza viaria na EP-9306 Cobas-Padrenda, PQ 0+000 a PQ 0+820. O dito convenio foi aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 15 de xuño de 2020 e pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 16 de novembro de 2020.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dun treito antigo de 111 metros da estrada EP-9306 obxecto das obras proxectadas.

O 28 de xullo de 2022 o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informou favorablemente o cambio de titularidade do treito antigo de 111 metros, no lugar de Cobas, da estrada provincial EP-9306 Cobas-Padrenda, a prol do Concello de Meaño.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª Motivación

O 28 de xullo de 2022 e o 3 de marzo de 2021 o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, informou favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello e estimou o valor patrimonial da vías obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en 196.408,00 €.

No informe emitido motívase o cambio de titularidade dando cumprimento ao establecido nos artigos 9.5, in fine da LEG e derradeiro parágrafo do artigo 18.2 do RXEG. Así, sinalase que “O treito antigo da estrada provincial EP-9306 Cobas–Padrenda, situado no lugar de Cobas, ao inicio desta estrada e que ten conexión coa EP-9302 Xil–Cobas–Barrantes no seu PQ 2+520, é froito dunha mellora no trazado polo que deixou de ter a funcionalidade de viario principal, tendo na actualidade características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario municipal, servindo principalmente de acceso aos predios e vivendas lindeiras tendo a consideración de elemento funcional en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Trátase da modificación na titularidade dun treito antigo dunha lonxitude de 111 metros de lonxitude, mantendo a cualificación de dominio público.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.



De acordo co artigo 9.6 da LEG e 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOP), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

Os artigos - art.33.2.ñ) en relación ao 47.2 ñ) da LBRL e 107.1.k) en relación ao 215.2.m) da LALGA-establecen que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) da LBRL e 215.2.m) da LALGA precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención.

Polo indicado, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Meaño dun treito antigo de 111 metros da estrada provincial EP-9306 Cobas–Padrenda, situado no lugar de Cobas.

Dito viario incorporarase á relación de estradas de titularidade do Concello de Meaño tal e como sinala o artigo 10.6 da Lei 8/2013, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de



Galicia e 18 e seguintes do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Terceiro.- Facultar á Presidenta da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello e a Deputación.”

Sra. Presidenta.- Rematada a primeira parte do orde do día, a parte resolutiva, pasamos á parte de información e control.

b) Parte de información e control:

8.7851.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE XULLO DE 2022 (EXPTES. 2022056543-2022052429)**

Sra. Presidenta.- No punto 8. Dar conta dos informes de Intervención do período medio de pago a provedores correspondentes ó mes de xullo de 2022. ¿Algunha observación? Pois queda enterado o Pleno.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de xullo de 2022, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría en datas 8 e 10 de agosto de 2022, respectivamente, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de xullo de 2022 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES XULLO 2022

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Xullo	8,3958502953	4.598.581,64	11,1664877895	2.203.755,85	9,2934547724
Escola de Enfermería	Xullo	13,0000000000	2.393,70	0,0000000000	0,00	13,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Xullo	14,4342765532	26.908,89	18,6233591935	9.947,09	15,5648714266
Consorcio Deza Tabeirós	Xullo	10,2118553000	8.719,68	6,0293016500	3.651,33	8,9773656651
TOTAL			4.636.603,91		2.217.354,27	9,3279021992

*En base aos cálculos detallados neste informe pónse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto.”*

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, na sesión extraordinaria do día 6 de setembro de 2022 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.



De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de xullo de 2022 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

9.7852.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Sra. Presidenta.- No punto 9. Dar conta das Resolucións Presidenciais. ¿Algunha observación? Queda enterado o Pleno.

Queda enterado o Pleno da relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 26 de xullo e 5 de setembro de 2022.

10.7853.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Presidenta.- E xa no punto 10 e último. Rogos e preguntas. Non hai Rogos e Preguntas, polo tanto levantamos a sesión. Bo día.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilma. Sra. Presidenta comigo, o Secretario, que dou fe.

